

ACTA DA ASEMBLEA DE BARRIO DA GRAÑA DO DÍA 26 DE ABRIL DE 2016

No local da Asociación de Veciños da Graña, situado na Rúa Real Alta nº 24 (A Graña), Ferrol, sendo as 17:15 horas, celebrouse a Asemblea de Barrio da Graña cos seguintes **asistentes**:

Polo Goberno municipal:	José Álvaro Montes Celeiro, concelleiro delegado da área de Participación, Novas Tecnoloxías e Normalización Lingüística		
Traballador/a municipal:	Jorge Juan Pena Piñeiro, xefe do Negociado de Participación e Comunicación.		
Asistencia técnica:	Andrea Rico Adegas da empresa Rexenerando S. Coop. Galega		
Nº total de veciños e veciñas asistentes do barrio:	9	Nº de homes:	4
		Nº de mulleres:	5

Desenvolvemento da sesión:

Alvaro Montes, Concelleiro de Participación dá a benvida ás persoas asistentes a esta asemblea, cedéndolle a palabra a Andrea Rico da empresa Rexenerando S.Coop. Galega.

En primeiro lugar procedese a escoller os representantes da Graña tanto para as vicepresidencias da Asemblea de Barrio como para o Consello da Veciñanza. Non se presentaron candidaturas previas á celebración da Asemblea, resultando propostos neste acto co apoio da unanimidade dos/as asistentes/as as seguintes persoas:

VICEPRESIDENCIAS ASEMBLEA DE BARRIO	
A título individual	Ricardo Santos Villaverde
En representación de entidades	María Cortabitarte Montero (AVV Rosalía de Castro da Graña)

REPRESENTANTES NO CONSELLO DA VECIÑANZA
Ricardo Santos Villaverde
María Cortabitarte Montero

A continuación presentase á asemblea un borrador de regulamento interno de funcionamento da mesma co obxecto de que se debata e estude por parte dos asistentes para formular todas as achegas que estimen oportunas, polo que este documento queda pendente da súa aprobación ata a

vindeira asemblea de barrio.

Por último iniciase un debate entre todos os asistentes para recoller aqueles temas de tipo xeral que preocupan nestes momentos aos veciños e veciñas da Graña e que a modo de resumo son os seguintes:

- Problemas no peirao coas tarefas de chorreo.
- Problema coa recollida das augas que baixan de Brión.

Agradecendo a presenza dos asistentes, dáse por rematada a sesión ás 18:40 horas.

O concelleiro delegado da área de
Participación, Novas Tecnoloxías
e Normalización Lingüística

O traballador municipal

Asdo. José Álvaro Montes Celeiro

Asdo.: Jorge Juan Pena Piñeiro